



## Concello de Cangas

### O CONCELLO DE CANGAS PON EN MARCHA DÚAS ACCIÓNS FORMATIVAS CON CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE QUE SE IMPARTIRÁN DE FORMA PRESENCIAL NA CASA DE OFICIOS.

O Concello de Cangas acaba de recibir unha subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia para poñer en marcha dúas accións formativas oficiais e gratuítas, con certificado de profesionalidade, enmarcadas no Plan AFD 2024/25.

Poden participar nelas preferentemente persoas desempregadas aínda que tamén poden solicitalas persoas traballadoras ocupadas.

Os 2 cursos programados xa se poden solicitar e son os seguintes:

- *OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS*, con 458 horas incluídas prácticas en empresas. Certificado de Profesionalidade ADGG0508 de nivel 1, sen titulación académica de acceso.

Módulos formativos oficiais que compoñen esta acción formativa:

*MF0973: Gravación de datos (90 horas).*

*MF0974: Tratamento de datos, textos e documentación (150 horas).*

*MF0971: Reprodución e arquivo (120 horas).*

*MP0110: Módulo de prácticas non laborais de Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos. (80 horas)*

- *OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E XERAIS*, con 448 horas incluídas prácticas en empresas Certificado de Profesionalidade ADGG0408 de nivel 1, sen titulación académica de acceso.

Módulos formativos oficiais que compoñen esta acción formativa:

*MF0969: Técnicas administrativas básicas de oficina (150 horas)*

*MF0970: Operacións básicas de comunicación (120 horas)*

*MF0971: Reprodución e arquivo (120 horas)*

*MP0112: Módulo de prácticas non laborais de Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais (40 horas).*

Impartiranse en modalidade presencial na Casa de Oficios do Concello, con prácticas formativas en empresas, e ademais de ser totalmente gratuítas o alumnado poderá no seu caso solicitar diferentes axudas económicas segundo as circunstancias concretas de cada persoa (axuda de transporte, de conciliación, discapacidade, etc.). O número máximo de participantes é de 15 por curso.

As persoas interesadas poden inscribirse ou solicitar máis información enviando un correo co seu nome, apelidos e teléfono de contacto a [casadeoficios@cangas.gal](mailto:casadeoficios@cangas.gal), ou no teléfono 986304650.

**A CONCELLEIRA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DESENVOLVEMENTO LOCAL, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

**Lucía Docampo Martínez**